Programa de Actos

Ás 11:30h achegaranse os Maios ata a Alameda onde permanecerán expostos durante a fin de semana.

De 11:30h a **13:30h canto de Coplas na Alameda** segundo vaian chegando os/as participantes.

O acto conta co acompañamento musical do **Grupo de Gaitas De Pé Feito.**

MAIOS 2022

Allariz, venres 29 de abril

CONCELLO DE Allariz

BASES CONCURSO DE MAIOS

1.- A participación está aberta ao público en xeral e para facela efectiva hai que formalizar a inscrición, na Casa da Cultura.
2.- Poden inscribirse individualmente ou como grupo.
3.- O prazo de inscrición termina o día 26 de abril.
4.- Establécense os seguintes premios en cada unha das modalidades:

1º Premio ..... 50 €.
2º Premio ..... 40 €.
3º Premio ..... 30 €.

5.- Os maios estarán construídos cos materiais que nos dita a tradición: madeira, arpilleira ou tea de saco, cravos, arame, musgo, bugallos, xestas e flores.
6.- Para fixar o musgo á arpilleira, coserase con agulla e fío, segundo a tradición.
7.- O Xurado estará composto por 3 persoas designadas pola Concellería de Cultura do Concello de Allariz.
8.- Os maios trasladaranse o día 29 de abril a partir das 11h30 á Alameda, onde quedarán expostos durante a fin de semana.
9.- A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases.

BASES CONCURSO DE COPLAS

1.- Establécense dúas categorías diferentes:
* Coplas de nenos e nenas, de 3 a 11 anos.
* Coplas de maiores, de 12 anos en adiante.

2.- Para participar no concurso de coplas téñense que inscribir como grupo, mínimo 8 persoas.
3.- O prazo de inscrición termina o día 26 de abril. Para formalizala hai que entregar unha copia das coplas mecanografadas a dobre espazo na Casa da Cultura.
4.- Presentaranse un mínimo de 12 estrofas seguindo a tradición, é dicir, compostas de catro versos de arte menor de seis ou oito sílabas cada verso, rimando cando menos a segunda coa cuarta.
5.- Establécense os seguintes premios en cada unha das categorías:

1º Premio ..... 50 €.
2º Premio ..... 40 €.
3º Premio ..... 30 €.

6.- O Xurado será designado pola Concellería de Cultura do Concello de Allariz.
7.- As coplas deberán ser cantadas o día 28 de abril (elixiranse 6 coplas) , a partir das 11h30 na Alameda. O veredicto do xurado farase público o día 3 de maio a través das canles habituais que emprega o concello.